

VIII CIRCUÍTO DE CARREIRAS

BARBANZA AROUSA 2025

PRESENTACIÓN

O VIII Circuito de Carreiras Populares Barbanza Arousa é un programa de 4 carreiras que ten como obxectivo fomentar a práctica da actividade física saudable e promover o pedestrismo nos concellos da Mancomunidad Barbanza Arousa.

O Circuito contará co control técnico da Federación Galega de Atletismo e estará organizado conxuntamente polos seguintes concellos:

- A Pobra do Caramiñal
- **Ribeira**
- Rianxo
- **Boiro**

Neste circuito poderán participar todas aquelas persoas que o desexen, sexan ou non federadas no deporte do atletismo e sexa cal sexa a súa procedencia.

ARTIGO 1. PARTICIPACIÓN

As modalidades de participación e inscrición no circuito serán 2:

1. **Participantes individuais nas probas do circuito:** serán aquelas persoas participantes (adultas ou menores de idade) que se inscriben nalgunha proba das cales se compón o circuito, pero que non participan na modalidade de circuito. Deberán facer a inscrición individual en cada unha das probas nas cales desexen participar.
2. **Participantes no circuito:** serán aquelas persoas participantes (adultas ou menores de idade) que se **inscriban na modalidade de circuito** co obxectivo de completar a participación nel.

Estas entrarán na clasificación xeral de cada unha das probas do circuito en que participen e tamén puntuarán nas clasificacións do circuito. O prazo para se inscribir nesta modalidade finalizará no remate do prazo de inscrición da segunda proba (Ribeira – Santa Uxía), xa que [para tomar parte nestas clasificacións deberán participar polo menos en 3 das 4 probas do circuito](#). Deberán correr obrigatoriamente co chip-dorsal facilitado pola organización, o cal deberán conservar ata o remate do circuito.

ARTIGO 2. CATEGORÍAS DE PARTICIPACIÓN

As categorías de participación no circuío serán as seguintes (homes/mulleres):

SUB-10 H/M	anos 2016 e 2017
SUB-12 H/M	anos 2014 e 2015
SUB-14 H/M	anos 2012 e 2013
SUB-16 H/M	anos 2010 e 2011
SUB-18 H/M	anos 2008 e 2009
SUB-20 H/M	anos 2006 e 2007
SUB-23 H/M	anos 2003, 2004 e 2005
SÉNIOR H/M	de 2002 ata 1991
MÁSTER 1 H/M	de 1985 ata 1990
MÁSTER 2 H/M	de 1975 ata 1984
MÁSTER 3 H/M	de 1965 ata 1974
MÁSTER 4 H/M	de 1964 e anteriores
“SAPATILLA INCLUSIVA”	Categoría única absoluta para persoas con diversidade funcional

ARTIGO 3. CALENDARIO DE PROBAS DO CIRCUÍTO

DATA	PROBA
<i>31 de agosto</i>	C.C. Barbanza Arousa Concello da Pobra do Caramiñal
<i>27 de setembro</i>	C.C. Barbanza Arousa Concello de Ribeira
<i>1 de novembro</i>	C.C. Barbanza Arousa Concello de Rianxo
<i>7 de decembro</i>	C.C. Barbanza Arousa Concello de Boiro

ARTIGO 4. MODALIDADE DE PARTICIPACIÓN POR EQUIPOS

As categorías de participación por equipos serán as seguintes, tendo en conta que un mesmo equipo non poderá ter dúas ou máis seccións (A, B ...):

SUB-18 e SUPERIORES	
CLUBS FEDERADOS	Corredoras/es adultas/os con licenza federativa que participen cun club federado no deporte do atletismo
EQUIPOS POPULARES OU ASOCIACIÓNS	Corredoras/es adultas/os sen licenza federativa que participen cunha asociación ou grupo popular

ARTIGO 5. SISTEMA DE CLASIFICACIÓN NO CIRCUÍTO

PUNTUACIÓN INDIVIDUAL POR PROBA

- Na clasificación individual de cada proba as persoas participantes no circuítu levarán un número de puntos igual ó posto obtido en cada carreira. **SÓ SE TERÁ EN CONTA AS PERSOAS PARTICIPANTES NA MODALIDADE DE CIRCUÍTO**, de xeito que a primeira clasificada obterá 1 punto, a segunda clasificada 2 puntos e así sucesivamente ... ÁS/ÓS ATLETAS QUE NON PARTICIPEN NALGUNHA PROBA DARÁSELLES UN NÚMERO DE PUNTOS SIMILAR Ó NÚMERO TOTAL DE PARTICIPANTES NA MODALIDADE DE CIRCUÍTO, DE XEITO QUE NON OBTEÑAN VANTAXE NINGUNHA DA NON PARTICIPACIÓN. Inda así, terán que completar 3 das 4 probas do circuítu, senón non entrarán na clasificación final do circuítu.
- A clasificación xeral do circuítu será modificada despois de cada proba do circuítu e só a partir da segunda proba do circuítu.
- A clasificación do circuítu realizarase na orde inversa, segundo se teña un menor número de puntos.
- Para o recuento final de puntos, terase en conta as 3 mellores puntuacións de cada participante.
- No caso de empate entre dúas ou dous atletas, clasificarase en primeiro lugar quen obtivese menor puntuación na última proba que disputasen conxuntamente as dúas ou os dous atletas.

PUNTUACIÓN DE CLUBS FEDERADOS, ASOCIACIÓNS OU EQUIPOS POPULARES

- Para esta clasificación farase a suma dos resultados das 4 mellores persoas participantes que compoñan os equipos.
- Os equipos estarán formados por un número mínimo de 6 compoñentes, sen determinar un número máximo.
- Os equipos poderán ser masculinos ou femininos, non mixtos.

TÓDALAS PERSOAS PARTICIPANTES DE CLUBS FEDERADOS, EQUIPOS POPULARES OU ASOCIACIÓNS DEBERÁN REFLECTIR O MESMO NOME (ESCRITO DO MESMO XEITO) NA INSCRICIÓN. MARCARÁN ADEMAIS NO FORMULARIO DE INSCRICIÓN A INTENCIÓN DE PARTICIPAREN NESTAS CLASIFICACIÓNS.

ARTIGO 6. INSCRICIÓN NO CIRCUÍTO. PRAZOS E PREZOS

A inscrición no circuítu realizarase en liña (*online*) a través da páxina web da mancomunidade www.barbanzarousa.gal sen prexuízo de que poida realizarse así mesmo a través doutras plataformas establecidas ao efecto.

PRAZOS DE INSCRICIÓN

A inscrición no Circuíto de Carreiras Barbanza Arousa 2025 abrirase xunto coa apertura de inscrición da XVI Carreira Popular Concello da Pobra do Caramiñal e rematará coa fin do prazo da XXVI Carreira Popular de Santa Uxía (Concello de Ribeira).

PREZOS DA INSCRICIÓN

ESCOLARES (de sub-10 a sub-16) GRATUÍTA

PERSOAS ADULTAS (de sub-18 a máster):

-> Xeral nas 4 probas do circuítu 20 €

-> Inscrición individual por proba fóra do circuítu: 6 €

ARTIGO 7. PREMIOS E AGASALLOS DO CIRCUÍTO

Os premios do circuítu serán entregados no primeiro trimestre do ano 2026 durante a celebración da Gala do Deporte, e serán os seguintes:

TROFEOS

- **TROFEO** para os/as 3 primeiros/as clasificados/as absolutos/as **adultos/as** do circuítu. Estes/as non recibirán o trofeo da súa categoría (premios non acumulativos).
- **TROFEO** para os/as 3 primeiros/as clasificados/as de cada categoría establecida neste regulamento, tanto adultos/as coma escolares.
- **TROFEO** para os 3 clubs federados, equipos populares ou asociacións, MASCULINOS e FEMININOS, que obteñan menos puntos na clasificación das probas do circuítu (sumando os puntos dos seus 4 mellores compoñentes).

PREMIOS ESPECIAIS

- Outorgaranse os seguintes premios especiais ás 3 primeiras persoas clasificadas absolutas **ADULTAS** do circuío:
 - 1.º clasificado/a: 400 euros e bono turístico
 - 2.º clasificado/a: 200 euros e bono turístico
 - 3.º clasificado/a: 100 euros e bono turístico
- Recibirán premios especiais consistentes **nuns bonos de 300 €, 200 € e 100 €**, os 3 **CLUBS FEDERADOS, ASOCIACIÓNS OU EQUIPOS POPULARES** en que participe un maior número de corredoras/es.

Para optar a estes premios será preciso que nas inscricións individuais se especifique o colectivo de orixe, escrito sempre do mesmo xeito.

AVISO LEGAL LOPD

Tódalas/os corredoras/es ao realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou Internet.

NOTA: Este circuío pertence ó Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o/a corredor/a consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e responsabilidade civil, así como a xestión da licenza de día e *ranking* popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de protección de datos, o/a interesado/a pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante un escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo, avenida de Glasgow ,13 - 15008 A Coruña.

Todo o non reflectido no presente regulamento estará rexido polas normas vixentes da **FGA** e **RFEA**.

ORGANIZAN:

CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL

CONCELLO DE RIBEIRA

CONCELLO DE RIANXO

CONCELLO DE BOIRO

MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS BARBANZA AROUSA